

SOLDADURA ELÉCTRICA

Unha corrente de alta intensidade e baixa intensidade circula dende os electrodos polos dous compoñentes que se van soldar. A calor xerada na interfase entre os compoñentes fai que estes acaden as temperaturas de soldadura. Durante o paso da corrente, a presión exercida polos electrodos produce unha soldadura por forxa.

PREPARACIÓN DO EQUIPO

É obrigatorio:

- Conectar segundo a seguinte orde: 1) os cables no equipo de soldadura, 2) o cable de posta a terra na toma de terra, 3) o cable de masa á masa e 4) o cable de alimentación de corrente nos bornes do interruptor, que estará aberto.
- Comprobar que os terminais da chegada de corrente non están ao descuberto.
- Dispor os cables de alimentación de maneira que sexan o máis curtos posible.
- Que a superficie exterior dos portaelectrodos e das súas mandíbulas estea illada.
- Cortar a corrente antes de facer calquera modificación no equipo que se vai soldar.



PROTECCIÓN DOS OPERARIOS EN LOCAIS ORDINARIOS CONTRA AS RADIACIÓNS DO ARCO



Está prohibido: Mirar, aínda que sexa a distancia, o arco ou as superficies que o reflictan.

É obrigatorio:

Para o soldador:

- Protexer os ollos cunha pantalla, careta ou cubrecabeza, provistas de cristais especiais antes de que o arco se empece a formar.
- Protexer os ollos para picar ou repasar o cordón de soldadura.

Para o axudante de soldador: Levar unhas gafas de cristais axeitados, provistas de protección laterais.

Para protexer a terceiros: Delimitar a zona de soldadura con pantallas opacas cando non se dispoña dunha cabina de soldadura.

PROTECCIÓN DOS OPERARIOS EN LOCAIS ORDINARIOS CONTRA A CALOR E AS QUEIMADURAS



É obrigatorio para o soldador:

- Levar un mandil, luvas de coiro e polainas.
- E segundo os casos: unha chaqueta, proteccións para os ombreiros, vestido de amianto (en caso de soldadura por enriba da cabeza) ou roupa illante da calor (para soldadura de pezas prequentadas).

PROTECCIÓN DOS OPERARIOS EN LOCAIS ORDINARIOS, CONTRA OS GASES E PO

En caso de soldaduras que produzan gases ou po tóxico ou que se realicen en atmósferas cerradas ou pouco ventiladas. **É obrigatorio:**

- Levar unha máscara con aportación de aire.
- Ou ben establecer unha ventilación forzada no local de soldadura, mediante aspiración fixa (campá) ou móbil (extractores).

PROTECCIÓN DOS OPERARIOS EN LOCAIS CONDUCTORES, HÚMIDOS OU PEQUENOS

Ademais das recomendacións anteriores, convén asegurar ao máximo o illamento eléctrico do soldador.

Prohíbese: Tocar coa man desprotexida a masa onde se vai traballar.

É obrigatorio:

- Utilizar porta-electrodos illados e soportes de electrodos.
- Colocar alfombras illantes para illar ao soldador ou levar calzado illante.
- Levar luvas e manguitos, chaqueta, casco e roupa apropiada.
- Prever unha terra local na zona de traballo.



TRABALLOS EN RECIPIENTES CERRADOS



Prohíbese:

- Realizar traballos de soldadura en recipientes que contivesen materias inflamables ou volátiles sen antes limpalos e desgasificalos con vapor (aínda en recipientes baleiros dende hai moito tempo).
- Fumar no interior.

É obrigatorio:

- Deixar o posto de soldadura no exterior baixo a vixilancia dun axudante cando se traballa dentro dun corpo oco de gran dimensión.
- Acadar unha boa ventilación.

